

COMUNICADO Nº 214/21
11 DE OUTUBRO DE 2021



□ PROPOSTAS DA COMISIÓN GALEGA DE SLALOM PARA A TEMPADA 2022:

A.- Creación dunha “Copa Iniciación”, para carrozados, dunha cilindrada de ata 1.150 c.c. ; que sería a nova Agrupación I. O agasallo, para o campión e subcampión, final na Gala de Entrega de Premios será de **dous trofeos de bronce (Tipo Copa de Galicia) e as licenzas subvencionadas de piloto de Slalom para a tempada de 2023 (Licenzas Autonómicas Exclusivas de Galicia), para competir (Campión e Subcampión) obrigatoriamente en calquera outra agrupación (Agr 2,3,4,5 ou 6) na tempada seguinte.**

A nova Agrupación I estará reservada exclusivamente para os vehículos de estricte serie, sen barras antivolco, con equipación de casco, collarin ou hans, sotocasco, luvas, mono ignífugo, asiento tipo baquet, arneses de catro ou seis puntos de anclaxe, e si o asiento non é tipo baquet ou de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredera).

-Sen autolocante, con pneumáticos de calle e de grandes series, con prohibición de monta de pneumáticos M+S de neve ou terra.

Nota: Os vehículos de ata 1.150 c.c. preparados tipo rallye pasarán obrigatoriamente a Agrupación II.

B.- Propórase a Asemblea a creación dunha Licenza Específica de Slalom (Licenza Autonómica Exclusiva de Galicia), que xa existiu no pasado e consideramos que é necesaria de novo, a un **prezo de 180 euros (Piloto)**

C.- Apróbase incluír o 20% de superficie en terra, cun 80% do trazado en asfalto-cemento, ou sexa mixto.

D.- Apróbase a participación de vehículos do “Grupo P”, vehículos específicos de competición, sen matrícula, sen aseguramento nas probas coas mesmas condicións e regulamentación que na Montaña e Rallymix.

E.- Queda terminantemente prohibida a participación de vehículos dados de baixa, temporal ou total, con apercibemento dos dados de baixa polo Plan Prever ou promocións similares do Estado Español e que incurrirían en ilegalidade manifesta con responsabilidades legais de todo tipo.

F.- Queda prohibido, a tódolos efectos, a participación de Carcross ou vehículos CM’s.

G.- Crease a nova “Copa de Debutantes”, admintíndose a participar conxuntamente en calquera das seis agrupacións de Slalom. Os participantes teñen que acreditar que é o seu primeiro ano de participación, en calquera Copa, Trofeo, Challenge, ou Campionato de Galicia de Automobilismo Deportivo. Se algún deportista tivo licenza pero non participou, previa comprobación polo Dpdo. de Exp. De Licenzas e Clasificacións, será admitido a participar e puntuar, previa solicitude por escrito. A “Copa de Debutantes 2022”, da especialidade de Slalom, **terá trofeos de bronce para o Campión e Subcampión, na Gala de final da tempada, ao igual que o restante das Copas de Galicia de Automobilismo 2022/2023.**

COMISIÓN GALEGA DE SLALOM DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO